



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA TRECE DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Expte: 2022/G007/00001

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e corenta e cinco minutos do día trece de xaneiro de dous mil vinte e dous, ten lugar reunión en primeira convocatoria da Xunta de Goberno Local de Valdoviño, para celebrar sesión ordinaria. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, e asisten os concelleiros/as: don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa. Non asiste, dona Rosa Ana García López.

Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes:

Orde do Día

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN DO 16.12.21 (ORDINARIA).-

A referida acta quedou aprobada pola Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión de 16.12.21.

2º.- SOLICITUDE AMPLIACIÓN DE PRAZO PARA A EXECUCIÓN DA OBRA: “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN MODIFICADO CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL EN CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE MOURENTE.-

Proposta de Alcaldía:

“Expte.: 2018/C003/000001

En data 04.01.21 e con núm. de rexistro 202299900000016, don José Ramón Pedrosa Jiménez, actuando en representación da empresa “GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS SL”, NIF B-36495604, presenta escrito de petición de prórroga por prazo de UN MES para a execución da obra “Proxecto básico e de execución modificado 1. Campo de fútbol de céspede artificial no campo de fútbol municipal de Mourente, da que dita empresa é adxudicataria.

Xustifica a súa petición debido a que por circunstancias alleas á empresa, producírase un retraso na execución da obra, pois non resulta adecuado realizar a carga de céspede artificial con caucho e area de sílice nas condicións meteorolóxicas actuais, e que existen

extraordinarias dificultades de disposición de man de obra debido o notable incremento de casos COVID-19 no último mes.

CONSIDERANDO que o artigo 195.2 da LCSP dispón que: “Se o atraso se produce por motivos non imputables ao contratista e este ofrece cumprir os seus compromisos se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándolle un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pida outro menor.

Considerando que persisten as circunstancias descritas en anteriores solicitudes de ampliación de prazo concedidas por Xunta de Goberno Local de 4.11.21 e 9.12.21.

Considerando os antecedentes descritos e os preceptos de aplicación, se deduce que quedan acreditados os requisitos necesarios para a concesión da prórroga solicitada,

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Acceder á petición formulada e así pois, aprobar a ampliación de prazo solicitado de un mes na execución das obras, sendo a nova data de remate da obra o 8 de febreiro de 2022.

Segundo.- Notificar o acordo á adxudicataria “GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS SL” así como ao Director da Obra, para o seu coñecemento e efectos.

/Asinado electrónicamente polo sr. Alcalde na data indicada á marxe/

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión (4 votos) dos (5 que compoñen este órgano), acordou aprobar a anterior proposta de Alcadía.

3º.-DEVOLUCIÓN DE AVAL INSTADA POR CUBIERTAS DE PIZARRA DE GALICIA 2.L.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA referente a cancelación da garantía definitiva da Obra Reposición da cuberta no polideportivo de Meirás con código 2019.2200.0374.0 da Convocatoria POS+OBRASSUM/2019 do Plan de Obras e Servizos (Plan único de concello) anualidade 2019:

“Visto o Informe favorable emitido pola Tesourería municipal referido a devolución do aval bancario depositado polo contratista CUBIERTAS DE PIZARRA GALICIA S.L. con C.I.F. núm. B36195170 en garantía da obra Reposición da cuberta no polideportivo de Meirás con código 2019.2200.0374.0 da Convocatoria POS+OBRASSUM/2019 do Plan de Obras e Servizos (Plan único de concello) anualidade 2019.

Conforme o disposto no parágrafo 1º do artigo 243.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

Tendo en consideración os apartados 37 e 38 do Prego-Tipo de Cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto (con único criterio de adxudicación, factor prezo) das obras comprendidas nos planes provinciais e outras obras provinciais, aplicable a obra Reposición da cuberta no polideportivo de Meirás con código 2019.2200.0374.0 da Convocatoria POS+OBRASSUM/2019 do Plan de Obras e Servizos (Plan único de concello) anualidade 2019.

Comprobada que a obriga garantida cumpre a satisfacción do Concello de Valdoviño, de tal maneira que non existe responsabilidades que se poidan esixir contra o contratista CUBIERTAS DE PIZARRA GALICIA S.L. con C.I.F. núm. B36195170 en garantía da obra Reposición da cuberta no polideportivo de Meirás.

En virtude do enunciado no artigo 21. f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local..

PROPONSE

Devolver o aval bancario núm. 32020000241 datado o 17 de xuño do 2020 por importe de DOUS MIL CINCO CENTOS SETENTA E CATRO EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (2.574,50 €) en garantía da obra Reposición da cuberta no polideportivo de Meirás con código 2019.2200.0374.0 da Convocatoria POS+OBRASSUM/2019 do Plan de Obras e Servizos (Plan único de concello) anualidade 2019.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión (4 votos dos membros asistentes) (compoñen este órgano 5 membros), acordou:

1º.-Aprobar a devolución do aval referido, nos termos da proposta de Alcaldía que antecede.

2º.- Dése traslado de certificación do acordado ao negociado de servizos económicos para o seu trámite e ao negociado de secretaria para coñecemento e efectos a practicar no correspondente expediente da obra.

3º.- Notificar o acordo ao interesado.

4º.- ADHESIÓN AO PROGRAMA DR FINANCIAMENTO DOS SERVICIOS SOCIAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL. AÑO 2022.-

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do informe que de seguido se transcribe, de Traballadora Social do Concello, en base o cal, a Alcaldía PROPÓN á Xunta de Goberno

local a aprobación de adhesión ao Programa de financiamento dos servizos sociais da Deputación Provincial da Coruña, para o ano 2022.

INFORME – PROPOSTA PARA XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A ADHESIÓN AO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS PARA O EXERCIZO 2022

Paula Fernández Dopazo, Traballadora Social do Concello de Valdoviño (Col. 2116) en relación coa convocatoria de subvencións do Programa de Financiamento de Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2022 (BOP nº 244 do 24.12.21)

INFORMO:

- Que segundo a base 13 da convocatoria o Concello de Valdoviño ten previstas as seguintes contías de financiamento, recollidas como achegas máximas, por parte da Deputación Provincial de A Coruña para o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios para o exercizo 2022:
 - a. Módulo I (Persoal administrativo grupo C1 ou C2): 18.000 euros.
 - b. Módulo II (Persoal técnico A2): 22.000 euros.
 - c. Horas concedidas SAF libre concorrencia (3.000 horas): 36.000 euros.
- O financiamento solicitado á Deputación Provincial para o exercizo 2022, e incluído na correspondente solicitude, é de 90.400 euros (76.000 euros garantidos en concepto de financiamento do módulo I e módulo II e SAF libre concorrencia; máis un incremento de 14.400 euros para financiamento do SAF libre concorrencia).

PROPOÑO

Á xunta de Goberno Local a aceptación do seguinte contemplado nas bases:

- Aceptar as bases da convocatoria, do **Programa de financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2022**, así como os compromisos e obrigas que nela se inclúen.
- **Adherirse ao PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS PARA O EXERCICIO 2022**, de acordo coas bases do Programa e co detalle que se recolle no cadro de orzamento e financiamento previstos achegado coa solicitude.

Para que conste aos efectos oportunos, asino electrónicamente na data indicada á marxe.

A Traballadora Social

Asdo. Paula Fernández Dopazo (Colex. 2116)

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión (4 votos) dos (5 que compoñen este órgano), acordou:

- 1.- A adhesión do Concello de Valdoviño ao programa antedito.
- 2.- Dar traslado do acordado aos servizos sociais así coma aos servizos económicos municipais para os seus debidos efectos.

PARTE ACTIVIDADE

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas

Sen ningún outro asunto a tratar, sendo as dez horas do día sinalado no encabezamento, a sesión remata e queda levantada polo Alcalde- Presidente; da que, coma Secretaria, estendo a presente acta e DOU FE.

/Documento asinado electrónicamente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/